

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E ANPE SINDICATO INDEPENDENTE PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Julio Díaz Escolante, con DNI número 33858617H, en nome e representación de ANPE Sindicato Independente (en diante ANPE-GALICIA), con CIF G78248630, que actúa como presidente, segundo a escritura de apoderamento outorgada perante o notario de Madrid, don Carlos Ruiz-Rivas Hernando, o día 23 de xuño de 2021.

EXPOÑEN

1. Que ANPE-GALICIA é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que recoñece o galego como lingua propia de Galicia e, moi especialmente, no referente ao uso do galego como lingua oficial no ensino, por ser un sindicato de ámbito autonómico constituído por profesores de ensinanza pública.

2. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude as competencias e funcións en materia de promoción e



ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

3. Que ambas as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén de favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Neste plan recóllese unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.

4. Que ANPE-GALICIA é unha organización sindical que ten por finalidade defender e promover os intereses profesionais e sociais dos seus afiliados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como impulsar a formación, actualización, perfeccionamento, promoción e orientación profesional dos seus afiliados e organizar as actividades precisas para tal fin.

5. Que, de acordo cos marcos legais citados anteriormente, a lingua galega é materia de estudo obrigatoria en todos os niveis educativos non universitarios e, polo tanto, correspóndelle ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito. Neste sentido, arbitrará as medidas necesarias para promover o seu uso progresivo na comunidade educativa e para garantir unha competencia plena no idioma galego que repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.

6. Que, para poder cumprir estes obxectivos, tamén é preciso atender as necesidades formativas en materia de lingua galega do profesorado que imparte a súa docencia nos distintos niveis educativos e, para tal fin, a Administración galega debe promover as actuacións que sexan necesarias para garantir a plena competencia dos docentes para desenvolver o seu labor e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas



de planificación lingüística escolar.

7. Que por este motivo, ANPE-GALICIA fai explícita a súa inequívoca vontade de seguir colaborando coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na aplicación da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega no funcionamento deste sindicato e no ámbito do ensino como área estratéxica dos citados plans.

8. Que as actividades que promove ANPE-GALICIA se enmarcan dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, as cales, dada a súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva ao resto dos sindicatos maioritarios en Galicia –CCOO, UGT Galicia, CSI-F e a CIG–, é polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas no convenio.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2025, que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e o Sindicato ANPE para defender e promover os intereses profesionais e sociais de todos os seus afiliados, así como de encargarse de transmitir as novidades e informacións que, en materia docente, lle afecten ao profesorado galego.

As partes colaborarán na realización dunha serie de actividades para aumentar o uso do galego na comunidade educativa, entre os docentes e nas relacións cos escolares en xeral, logrando os obxectivos fundamentais de garantir que o alumnado reciba os seus



coñecementos en lingua galega, oral e escrita nos diversos ciclos, que a coñezan ao igual que o castelán e que poidan facer uso destes dereitos.

As actividades que promove ANPE-GALICIA soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta a colaboración no proceso normalizador deste sindicato, non resulta posible promover a concorrència pública para a realización das actividades previstas neste convenio.

Segunda. Obrigas de ANPE

En cumprimento das obrigacións derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e do Plan xeral de normalización da lingua galega mediante a sinatura deste convenio, ANPE-GALICIA se compromete a realizar en 2025 en lingua galega as seguintes actividades:

- Mantemento da web corporativa.
- Publicacións , publicidade, carteis, prensa escrita, radio e televisión.
- Redactar en galego toda a documentación.
- Garantir o uso oral e escrito do galego nas sedes do sindicato
- Elaboración de guías profesionais.
- Impresión calendario escolar 2025/2026
- Elaboración de boletíns profesionais. Elaboración de carteis.
- Elaboración de material sindical
- Realización de xornadas do ensino.



Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **1.000,00 €**, con cargo á aplicación 13.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Sexta. Xustificación e pagamento



A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). Código de procedemento PR004A

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, ANPE presentará telematicamente coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregárase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Para percibir a mencionada axuda, ANPE queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65. 4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser



de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, ANPE presentará na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, ANPE presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as



aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. No caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, ANPE deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, ANPE comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANPE utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

ANPE facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.



Oitava. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014).

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295 do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Coa sinatura deste convenio as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nel e mais o resto das especificacións que contén poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano



2006, outórgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou pola súa denuncia por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes de ANPE. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:



- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades establecidas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder



a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais, e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo oitava. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG núm. 229, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén lle será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para



cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei).

Décimo novena. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007), e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei (BOE núm. 176, do 25 de xuño de 2006).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O presidente de ANPE-GALICIA

José Carlos López Campos

Julio Díaz Escolante



ANEXO I
ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: Elaboración de materiais	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Calendario escolar triangular 25/26	400,00 €
2.ª) Boletín Oposicións	500,00 €
3.ª) Calendario escolar 25/26 bolsillo	300,00 €
TOTAL	1.200,00 €

